



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencvms/gl/index.html>

Ref.: SIV

Expediente 2025/E001/000004  
2025/G003/001388

## DECRETO DA LISTA PROVISIONAL E DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS PARA O PROCESO SELECTIVO DE SEIS (6) PEÓNS/PEOAS AO ABEIRO DO PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2025

### ANTECEDENTES DE FEITO

1. O concello está a tramitar un procedemento que ten por obxecto a selección de persoal para a provisión, en réxime laboral temporal, de seis (6) postos de traballo coa categoría profesional de peón/peoa para dar cumprimento ás condicións esixidas na subvención da Deputación Provincial da Coruña concedida ao concello mediante Resolución núm. 2025/3600, do 28 de xaneiro, da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña (BOP núm. 22, do 03/02/2025), relativa á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2025 (PEL-Concellos 2025), no marco das axudas incluídas na liña 1.1 do Plan de Emprego Local.

2. O Concello das Pontes de García Rodríguez realizará o proxecto, que ten como obxectivo fomentar o emprego nos concellos mediante a contratación de persoal para a prestación dos servizos municipais básicos e a execución de pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas cos ditos servizos. Para tal fin, o concello contratará persoal que deberá estar, en todo caso, inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante de emprego, de conformidade co establecido na Base 3.2 das Bases específicas do programa PEL-CONCELLOS 2025.

As tarefas a realizar serán as propias de cada posto e, en todo caso, as necesarias para a execución das competencias en materia de servizos mínimos municipais. A través do Decreto da Alcaldía 1287/2014, do 26 de xuño, declaráronse sectores prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos esenciais, entre outros, as unidades adscritas á área de obras destinadas ao mantemento e conservación de estradas, pistas, edificios públicos municipais e ao mantemento das infraestruturas locais básicas.

3. Mediante Providencia de data 26/03/2025 a concelleira-delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá dispuxo a iniciación do procedemento de selección do persoal encamiñado á contratación de seis (6) peóns/peoas como persoal laboral temporal para levar a termo as actuacións obxecto da subvención concedida.

4. No expediente obra un informe xurídico do técnico de administración xeral (TAX), encargado da tramitación do procedemento, que leva data do 24/04/2025.

5. A Intervención Municipal emitiu o informe núm. 192/2025, do 15 de maio, formulando **reparo que suspende o procedemento (reparo suspensivo)**.

6. Mediante o Decreto 1115/2025, do 19 de maio (2025/G003/001169) ditado pola alcaldesa en funcións, **resolveuse a discrepancia existente e levantouse o reparo suspensivo**.

7. A convocatoria e as súas bases reguladoras foron aprobadas a través do Decreto 1125/2025, do 20 de maio (expediente 2025/G003/001190), e publicadas no *Boletín Oficial* da Provincia da Coruña (BOP) núm. 98, do 26/05/2025.



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: SIV

8. O prazo de presentación de solicitudes principiou o 27 de maio e rematou o 9 de xuño de 2025.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. A base núm. 5 das reitoras da convocatoria, no que aquí interesa, indica:

### “5. Presentación de solicitudes

(...)

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a concelleira-delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá ditará resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do concello (taboleiro electrónico: <https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>) e na páxina *web* municipal, declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo improrrogable de **cinco (5) días hábiles** seguintes á publicación da dita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos da LPACAP. Na resolución identificaranse ás persoas aspirantes que achegaron o certificado acreditativo do nivel de galego requirido e que, polo tanto, están exentas de realizar a proba de coñecementos da lingua galega. De non existir persoas excluídas non se concederá prazo de reclamacións e a lista provisional será elevada a definitiva.

As persoas aspirantes que, dentro do prazo sinalado non emenden a súa exclusión, xustificando o seu dereito a ser incluídas na relación de persoas admitidas, serán consideradas definitivamente excluídas.

Transcorrido o prazo de emenda de defectos, ou, de ser o caso, por existiren persoas excluídas, a Concellaría Delegada declarará aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará no taboleiro de edictos do concello (taboleiro electrónico: <https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>) e na páxina *web* municipal. Na citada resolución fixarase o lugar, data e hora de realización do primeiro exercicio. Tamén se designará o Tribunal que cualifique o proceso, nos termos especificados na base seguinte.

De non existir persoas excluídas, non se concederá prazo de reclamacións e a lista provisional elevarase a definitiva e nela fixarase o lugar, día e hora de realización do primeiro exercicio. Igualmente designaranse as persoas que integran o órgano de selección, tanto titulares como suplentes.

A publicación desta resolución no taboleiro electrónico e na páxina *web* iniciará o cómputo dos prazos para os efectos de posibles impugnacións ou recursos.

Agás a convocatoria e as bases, que se publicarán no BOP, no taboleiro electrónico e na páxina *web*, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos a través do taboleiro de anuncios (taboleiro electrónico: <https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>) e da páxina *web* municipal”.

Pola súa vez a base núm. 6, sinala:

### “6. Tribunal de selección

Estará formado polo persoal que oportunamente se designe mediante resolución da Concellaría



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/openscms/gl/index.html>

Ref.: SIV

Delegada. A súa composición será: un presidente/a, un secretario/a (funcionario/a de carreira) e tres vogalías, coas respectivas persoas suplentes, respectando en todo caso a paridade home/muller e as normas establecidas no TRLEBEP.

Todas as persoas que integren o órgano de selección -titulares e suplentes- pertencerán a un subgrupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á categoría convocada. Na súa designación teranse en conta as garantías de imparcialidade e profesionalidade das persoas nomeadas.

En ningún caso poderá formar parte do órgano de selección:

- a) O persoal de elección ou de designación política.
- b) O persoal funcionario interino, laboral temporal, ou laboral indefinido non fixo.
- c) O persoal eventual.
- d) As persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores. Os membros do Tribunal deberán absterse de formar parte del cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP) notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. As persoas aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 24 da mencionada lei.

O concello poderá esixir das persoas integrantes do tribunal declaración expresa de non acharse incurso nas circunstancias establecidas no citado artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Todas as persoas integrantes do Tribunal terán voz e voto nas deliberacións do mesmo.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar, sen a presenza, cando menos, de tres das súas persoas integrantes, titulares ou suplentes, debendo estar presentes, en todo caso, as persoas que desempeñen a presidencia e a secretaría do órgano. De todas as sesións que teñan lugar a persoa que ocupe a secretaría redactará a correspondente acta.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de persoas asesoras, con voz e sen voto, para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Este persoal será designado pola Concellaría Delegada, ben con ocasión da designación do tribunal, ben posteriormente.

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases”.

En data 27/05/2025 D. Yoel Pita Agudo presentou solicitude de participación no proceso (RXE. 202500000002115), instancia complementada o día 28/05/2025 (RXE. 202500000002139). O día 04/06/2025 o mesmo interesado presenta solicitude xeral (RXE. 202500000002289) na que indica: “*Que tuve conocimiento del proceso selectivo para la contratación de 6 pones/peonas por el programa PEL CONCELLOS 2025 convocado por el Concello de As Pontes en fecha de publicación en el BOP número 98 de 26 de mayo de 2025.*”

*Que presenté inscripción el 27 de mayo de 2025 en las dependencias municipales para inscribirme en el mencionado proceso (número de registro 202500000002115). El día siguiente (28 de mayo) presenté ante la misma oficina documentación adicional (número de registro 202500000002139).*

*Que no reúno, y por lo tanto, no puedo acreditar las condiciones establecidas en la base 4 i), que se refieren a estar en alguna de las condiciones establecidas en el programa PEL CONCELLOS*



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/openscms/gl/index.html>

Ref.: SIV

2025 de encontrarse en situación de exclusión laboral.

Que, al no poder acreditar esta situación, manifiesto mi renuncia a presentar ninguna alegación a la lista provisional y/o definitiva de admitidos y excluidos en caso de ser excluido de la misma por el motivo aquí alegado”.

Enténdese, pois, que o interesado desiste da súa participación neste procedemento selectivo, en virtude do artigo 94 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ao non poder acreditar o requisito obrigatorio expresado na base 4 i).

Comprobadas as instancias presentadas, resulta o resto das persoas aspirantes presentaron debidamente as súas solicitudes, polo que procede ditar a resolución aprobatoria da relación definitiva de admitidos/as, ao tempo que se designan as persoas integrantes do órgano de selección (titulares e suplentes) e se fixa o lugar, día e hora de constitución do tribunal, de realización do exercicio da fase de oposición e da proba de lingua galega por parte do persoal aspirante concernido.

Correspóndelle á concelleira-delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá ditar a presente resolución, en virtude das atribucións delegadas pola Alcaldía a través do Decreto núm. 2000/2024, do 4 de novembro e modificadas polo decreto 2001/2024 de 5 de novembro (BOP núm. 216, do 08/11/2024).

Por todo o indicado anteriormente, a través do presente decreto, RESOLVO:

1. **Aprobar** a relación **definitiva** das persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo de **seis (6) prazas de peón/peoa**, nos seguintes termos:

a) Persoas aspirantes definitivamente **admitidas**:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 2 OU EQUIVALENTE
1	Berrocal Gutiérrez, Mercedes Rosario	***6355**	NON
2	Cal Chao, Plácido	***3825**	NON
3	Cao Gómez, Abel	***0335**	NON
4	Castro Freire, Martín	***6151**	SI
5	Fernández Rivera, Carlos	***4417**	SI
6	Galego Graña, María José	***1175**	SI
7	López Galego, José Manuel	***6650**	SI
8	Murado Pita, Óscar	***8732**	SI
9	Parapar Rey, Gerardo	***0996**	NON
10	Pazos Celís, Luís	***9773**	SI
11	Pereira Antón, Julio	***3685**	NON
12	Prieto Franco, María Carmen	***0995**	SI
13	Rego Trastoy, Antonio Miguel	***1782**	SI



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: SIV

14	Rochela Bogo, Patricia	***3403**	NON
15	Rodríguez Freire, Miguel Ángel	***1116**	SI
16	Soto Soto, María Emma	***4732**	SI
17	Varcarcel Villavoy, Fernando	***1481**	SI

b) Persoas aspirantes definitivamente **excluídas**:

**Ningunha**

**2. Designar** as seguintes persoas, todas elas persoal funcionario de carreira ou laboral fixo deste concello, para integrar o **órgano de selección** (tribunal) na condición que en cada caso se indica:

Presidenta titular: Margarita Rivera Piñeiro, persoal laboral fixo asimilado ao subgrupo C1

Presidenta suplente: Isabel Carballo Rivera, persoal laboral fixo asimilado ao subgrupo C2

1º Vogal titular: José Ramón Domínguez Fernández, funcionario de carreira do grupo/subgrupo Agrupac. Profesional

1º Vogal suplente: Ernesto Gancedo Herreras, persoal laboral fixo asimilado ao subgrupo A1

2ª Vogal titular: Brais Doval Pazos, funcionario de carreira do subgrupo C1

2ª Vogal suplente: José Sanjurjo Paz, funcionario de carreira do subgrupo A2

3º Vogal titular: José Cabaleiro Franco, funcionario de carreira do grupo/subgrupo Agrupac. Profesional

3º Vogal suplente: Anselmo Pellón Augusto, funcionario de carreira do subgrupo C1

Secretaria titular: Ana Isabel Caaveiro Franco, funcionaria de carreira do subgrupo C1

Secretaria suplente: Sandra López Rodríguez, funcionaria de carreira do subgrupo C1

**3. Fixar o lugar, día e hora de constitución do tribunal e de realización do exercicio da fase de oposición e, de o caso, da de coñecemento da lingua galega, e convocar ás persoas aspirantes admitidas, nos seguintes termos:**

**Primeiro:**

- Día: **xoves, día 12 de xuño de 2025**

- Lugar: Nave Municipal de Servizos, situada no Polígono Industrial dos Airíos- As Pontes de García Rodríguez.

- Constitución do tribunal: **09:00 horas.**

- Realización do exercicio da fase de oposición (obrigatorio e eliminatorio): **09:15 horas**



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: SIV

## Segundo:

- Realización da **proba de coñecemento do galego**, polas persoas aspirantes que non acreditasen estar en posesión do Celga 2:
- Día: **luns, 12 de xuño de 2025**. Esta proba realizarase **inmediatamente a continuación de rematar o primeiro exercicio da fase de oposición**.
- Lugar: Nave Municipal de Servizos, situada no Polígono Industrial dos Airíos- As Pontes de García Rodríguez.

## Terceiro:

- **Convocar** as persoas integrantes do **tribunal** para a constitución do dito órgano no lugar, data e hora sinalados.
  - **Convocar** as persoas **aspirantes** para a realización **do exercicio da fase de oposición** e da proba de **lingua galega**, para os que non acreditasen posesión de Celga 2 ou equivalente, no lugar, día e horas indicados. As persoas aspirantes deberán levar o documento de identificación (DNI, NIE ou pasaporte).
5. Publicar esta resolución no taboleiro electrónico do Concello das Pontes de García Rodríguez (<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/informacion/>) e na páxina *web* municipal, para os efectos de coñecemento por parte do persoal aspirante e de impugnacións e recursos.

Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida mediante a interposición de recurso potestativo de reposición ante a Concellaría Delegada competente, no prazo dun mes a contar desde a súa publicación no taboleiro electrónico, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou directamente a través da interposición de recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol -ou o que resulte competente se a persoa recorrente fai uso da facultade de elección que lle permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA)-.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións coide oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura dixital

A concelleira-delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá

Ana María Pena Purriños